

Conferencias de Manuel Rodeiro

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAE) acollerá os vindeiros días 6 e 13 de maio un ciclo de dúas conferencias a cargo do compositor coruñés Manuel Rodeiro, que versarán sobre a invención da escritura musical. As sesións, ás que asistirán os alumnos do centro, inclúen a análise práctica sobre partituras de obras de Beethoven e Debussy e desenvolveranse no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.

Manuel Rodeiro, ademais da súa actividade como compositor, ten realizado unha importante actividade como crítico, organizador de foros musicais e como pedagogo. Así mesmo, foi director do Departamento de Música do Centro Galego de Arte Contemporánea dende onde impulsou o laboratorio de creación musical, o taller instrumental e diversas publicacións.

Divorcio de Luciano Benetton e Toscani

Unha das parellas máis famosas e polémicas do mundo da publicidade, a formada polo empresario Luciano Benetton e o provocador fotógrafo Oliverio Toscani, decidiu separarse formalmente tras 18 anos de estreita colaboración.

Toscani, creador das atrevidas campañas lanzadas nos últimos tempos pola marca italiana de roupa Benetton, fíxolle fronte ó anuncio coa apelación a que "nada é eterno", mentres Benetton lle agradecía a súa "contribución fundamental a unha publicidade nova".

Atrás quedan unha mancha de imaxes que deron a volta ó mundo e forman xa parte da memoria colectiva como aqueles dous homes, un negro e outro branco, unidos por unhas esposas, o enfermo terminal de sida rodeado dos seus familiares ou os dous cabalos apa-



Pola esquerda, Luciano Benetton e Oliverio Toscani

reándose.

Carteis publicitarios de Toscani-Benetton tamén foron o neno que acaba de nacer manchado co sangue

da nai e co cordón umbilical colgando ou os preservativos de cores que durante os Xogos de Barcelona de 1992 substituíron ós

aros olímpicos. Outras fotografías de impacto coma o cemiterio militar ateigado de cruces para ilustra-la igualdade das razas terminaron sendo retiradas por orde xudicial.

Indiferencia

E é que os anuncios de Oliverio Toscani para Benetton nunca pasaron desapercibidos nin deixaron a ninguén indiferente, incluso nas súas versións máis cándidas e "inofensivas", como aquel que mostraba os rostros anxelicais de nenos de diferentes razas.

Ó contrario, as propostas anuais do grupo italiano case sempre estiveron rodeadas pola polémica, as protestas de grupos diversos e incluso a controversia política.

Unha das últimas campañas publicitarias, na que aparecían os rostros de varios condenados a morte en

Estados Unidos, ameazou con provocar unha forte polémica en Italia, onde foi interpelado ata o Goberno.

Luciano Benetton e Oliverio Toscani sempre se defenderon afirmando que os seus anuncios non estaban destinados a vender máis roupa, senón a conmover conciencias e derrubar muros de incomprensión, anque difundiron a marca italiana por todo o planeta.


Toscani, ó que lle gusta referirse ás súas polémicas eleccións fotográficas cunha sentença dadaísta: "só os estúpidos ven o bello nas cousas belas", afirmou onte que "é bonito te-la coraxe de acabar calquera cousa que foi fantástica e posuír aínda o entusiasmo de afrontar novos proxectos".

ROMA

Axencia Efe

Monteagudo e Ferreiro gañan o Losada Diéguez

Na casa do Concello de Boborás, en Ourense, dictaminouse onte a XV edición do premio Antón Losada Diéguez, no que resultaron premiados o filólogo e catedrático Henrique Monteagudo, pola súa *Historia social da lingua galega*, e o narrador Xosé Fernández Ferreiro, pola súa última novela, *O atentado*. O xurado, presidido por Cipriano-José Camafio Castro, alcalde de Boborás, e integrado por Xulio Francisco Ogando, Xosé Manuel Cid Fernández, Francisco Rodríguez Fernández, Alfonso Barca Lozano, Ramón Lorenzo, Francisco Calo Lourido, Silvia Gaspar e José Luis Valladares, Gerardo Rodríguez como secretario e Amancio Bruquet como



Pola esquerda, Ferreiro e Monteagudo



concelleiro de cultura, considerou "a *Historia Social da Lingua Galega* unha obra esencial sobre a nosa lingua". Monteagudo, expresa o dictame do xurado, "é un gran coñecedor do galego e da súa historia e un especialista nos estudos de sociolingüística, coñecementos que aplica neste libro con autoridade. Nel estudia as orixes da lingua, a latinización do territorio, a lingua na época medieval, no Renacemento, no Barroco, nos Séculos Escuros, no Rexurdimento e no século XX, cun profundo dominio dos temas tratados. A mestría no estudio de cada época fai que a *Historia Social da Lingua Galega* sexa unha obra de consulta obrigada para tódolos que quei-

ran coñecer-la situación do galego nos séculos". No eido da creación literaria, esta XV edición do Losada Diéguez, o xurado acordou premiar a Xosé Fernández Ferreiro por *O atentado*, "unha novela que entra en diálogo coa visión camusiana da existencia, proxectada neste caso dun modo intratextual coas producións do propio autor, en concreto, con *A cea aberta*. O protagonista revela no seu discurso interno a disociación da conciencia emigrante, o conflito entre os desexos e a realidade."

A entrega do premio, dotado con 500.000 pesetas, será o 10 de xuño.

SANTIAGO
Redacción

A miscelánea indescifrable de Manu Chao

O cantante francés de orixe española Manu Chao, líder da desaparecida banda Mano Negra, debutou o xoves pola noite en Chile cun enerxético concerto de rock cheo de entusiasmo, compromiso social e fusión rítmica.

Durante máis de dúas horas, Manu Chao interpretou preto de corenta temas en inglés, francés e español, e incluso se atreveu a cantar en italiano e portugués.

Acompañado pola banda local Radio Bemba, Manu Chao recreou temas dos seus comezos musicais como *Casa Babylon*, *Bala perdida* e *Peligro*, e seguiu

cos da súa carreira en solitario como *Welcome to Tijuana*, *Desaparecido* e *Clandestino*, que dá título ó álbum editado en 1998.

Tampouco faltaron as homenaxes a clásicos dos ritmos étnicos coma o rei do reggae, Bob Marley, ou o rocker latino por excelencia: Willy de Ville.

Ataviado co seu característico gorriño boliviano, Chao chegou a Chile hai uns días e neste tempo fixo toda unha profesión de fe pola marxinalidade: ofreceu unha conferencia de prensa no bar *La Piojera*, xogou ó fútbol co grupo local *Los Miserables* e ofreceu un improvisado con-

certo en *Villa Francia*, unha das máis combativas poboacións durante a ditadura.

Ó chegar ó ecuador do recital, a indescifrable miscelánea sonora de rock, reggae, rap, ska, e salsa que caracteriza o son de Manu Chao deixou paso a unha gravación cun discurso do "subcomandante Marcos", dirixente do Exército Zapatista. Tralo seu debut, Manu Chao ofrece outros dous concertos, antonte venres e hoxe, para os cales xa case se esgotaron as entradas.

SANTIAGO DE CHILE
Axencia Efe



O cantante e compositor Manu Chao

Mutenrohi en Pontevedra

O Concello de Pontevedra organizará o vindeiro luns un concerto da banda de música folk galega Mutenrohi, dentro das actividades previstas para celebra-la tradicional época dos "Ma-íos". O concerto celebrárase ás 21.00 horas na praza da Ferrería da cidade pontevedresa, e a banda presentará o seu último traballo "Cousas da Lúa", con trece composicións, unha delas de máis de cen anos de antigüidade. A formación mestura nos seus traballos os sons máis futuristas do momento, con pop e funk, á vez que interpretan melodías tradicionais que se funden coa vangarda.